

Consellería da Presidencia

Decreto 73/1985, do 18 de abril, polo que se establece a especificación técnica das cores da bandeira e do escudo de Galicia

A Lei de símbolos de Galicia, do 29 de maio de 1984, regula nos seus artigos 2 e 3 a bandeira oficial e o escudo de Galicia coas súas respectivas cores.

Por outra banda, e a efectos de que estes símbolos de Galicia se poidan axeitar no prazo sinalado da disposición transitoria primeira da lei ó disposto no articulado da mesma, procede realiza-la especificación técnica das súas cores.

Xa que logo, a proposta do conselleiro da Presidencia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezoito de abril de mil novecentos oitenta e cinco,

DISPOÑO

COR	DENOMINACIÓN	Ton	Croma	Claridade
I. Bandeira				
Branca	Branca respecto ó patrón	270	0	95
Azur	Azul bandeira Galicia	255	30	70
II. Escudo				
Azur	Azul escudo Galicia	270	50	40
Gules	Vermello escudo Galicia	30	65	37
Sinople	Verde escudo Galicia	160	41	31
Prata	Prata escudo Galicia	255	3	72
Ouro	Ouro escudo Galicia	85	35	60